# REGULAMENTO

## 1º CIRCUÍTO LUSO-GALAICO AUGAS ABERTAS

## 2026

ASSOCIAÇÃO DE NATAÇÃO DO NORTE DE PORTUGAL

FEGAN

APROBADO A 07 DE FEBREIRO DE 2026

# ÍNDICE

1. INTRODUCIÓN.......... 3

2. ORGANIZACIÓN.......... 4

3. CALENDARIO.......... 4

4. REGULAMENTO E DISPOSICIÓNS XERAIS.......... 5

5. PARTICIPANTES NO CIRCUÍTO LUSO-GALAICO.......... 6

6. CLASIFICACIÓNS E PUNTUACIÓN INDIVIDUAL.......... 8

7. PREMIOS DO CIRCUÍTO LUSO-GALAICO.......... 10

8. EQUIPAMENTO.......... 11

9. ARBITRAXE.......... 12

10. POLÍTICA DE PRIVACIDADE E SEGURIDADE.......... 12

11. OUTRAS INFORMACIÓNS.......... 13

## 1. INTRODUCIÓN

O **"Circuíto Luso-Galaico de Augas Abertas"** (CLGAA) é unha competición de Natación, na disciplina de Augas Abertas, constituída por cinco probas (seguidamente mencionadas como "Etapas") e destinadas a atletas **Inscritos en Augas Abertas** (AA) e **Másters en Augas Abertas** (Másters AA) na **Associação de Natação do Norte de Portugal** (ANNP); e **Inscritos en Natación e Másters** na **Federación Galega de Natación** (FEGAN).

As competicións que integran o Circuíto disputaranse entre o 01 de agosto e o 30 de setembro de 2026, cunha distribución xeográfica entre a Comunidade Autónoma de Galiza e a Região Norte de Portugal.

Este proxecto resulta dunha espléndida relación entre as dúas rexións do norte da Península Ibérica e que neste caso será aproveitada para potenciar a práctica deportiva da natación de Augas Abertas e que permitirá compartir coñecementos e sinerxias en beneficio dos deportistas.

O que se o pretende con esta organización é que este intercambio sobrepase o foco na vertente deportiva e que contribúa para que se consoliden as relacións sociais e culturais entre as poboacións.

## 2. ORGANIZACIÓN

**2.1.** A organización do "CLGAA" será a cargo da entidade constituída pola **Associação de Natação do Norte de Portugal**, **Federación Galega de Natación** e os seus clubes asociados.

**2.2.** A organización de cada unha das etapas integrantes do "CLGAA" quedará a cargo da ANNP, da FEGAN, e/ou de outras entidades por elas seleccionadas no decorrer do proceso. A esta entidade, adiante mencionada como "Entidade Organizadora" (EO), corresponderalle cumprir, e fazer cumprir, todas as obrigas definidas por este "Regulamento do 1º Circuíto Luso-Galaico Augas Abertas 2026".

**2.3.** Na eventualidade da cancelación dunha etapa por motivos da responsabilidade da EO, será esta a responsábel de reembolsar aos participantes.

**2.4.** Se a cancelación dunha etapa é causada por motivos relacionados coas condicións atmosféricas ou outros condicionantes que non poidan ser controlados pola EO, non haberá lugar a ningún tipo de reembolsos.

## 3. CALENDARIO

O "CLGAA" disputarase no formato de etapas, cun total de 5 competicións dirixidas a nadadores de **AA** e **Másters AA**.

| PROBA | DATA | ORGANIZADOR | DISTANCIA | LOCAL |
|---|---|---|---|---|
| Prova da Barragem da Queimadela - 10ª Edição | 02/08/2026 | ANNP | 3.500 metros | Barragem da Queimadela Rio Vizela (FAFE) |
| X Travesía Vila do Tea | 08/08/2026 | Club Natación Ponteareas / FEGAN | 3.600 metros | Praia Fluvial de A Freixa (Ponteareas) |
| IV Travesía a nado do Lérez Pontevedra 26 | 09/08/2026 | Club Natación Galaico / FEGAN | 4.000 metros | Praia de Monteporreiro (Pontevedra) |
| Desafío FEGAN 2,5K Etapa Final do Circuíto Galego de Augas Abertas | 13/09/2026 | FEGAN | 2.500 metros | Praia de Coroso (Ribeira) |
| Douro Bridges Porto & Gaia Open Water - 5ª Edição | 20/09/2026 | ANNP | 4.000 metros | Rio Douro (Porto - Vila Nova de Gaia) |

## 4. REGULAMENTO E DISPOSICIÓNS XERAIS

**4.1.** Os regulamentos das diferentes etapas terán que respectar as normas existentes nos Regulamentos de World Aquatics (WA), no Regulamento Geral da FPN, no Regulamento Xeral da RFEN e no "Regulamento do 1º Circuíto Luso-Galaico Augas Abertas 2026".

**4.2.** Unha hora antes do inicio de cada etapa serán realizadas tres medicións da temperatura da auga a unha profundidade de 40 cm en puntos distintos do percorrido, que posteriormente servirán como base de cálculo para a media aritmética. Será esta a temperatura oficial do evento. Esta medición será supervisada por unha comisión constituída por un árbitro, un membro da EO e por un adestrador que se ofreza voluntario para tal efecto durante a acreditación.

**4.3.** O tempo límite para a realización das probas do "CLGAA" será un valor total e non relativo.

| PROBA | AA | MÁSTERS AA |
|---|---|---|
| 2.500 metros | 15 minutos despois do 1º clasificado | 1h15m |
| 3.500 metros | 15 minutos despois do 1º clasificado | 1h45m |
| 3.600 metros | 15 minutos despois do 1º clasificado | 1h50m |
| 4.000 metros | 15 minutos despois do 1º clasificado | 2h00m |
| 5.000 metros | 15 minutos despois do 1º clasificado | 2h30m |

**4.4.** Os nadadores nacidos en 2012 ou anos posteriores non poderán participar no "CLGAA", pero poderán nadar probas oficiáis ata os 2.000 metros, sempre que teñan licenza na disciplina de Augas Abertas.

## 5. PARTICIPANTES NO CIRCUÍTO LUSO-GALAICO

**5.1.** Para efecto da clasificación **AA**, os nadadores serán agrupados na seguinte categoría:

| GRUPOS | ANOS DE NACEMENTO | |
|---|---|---|
| | FEMININOS | MASCULINOS |
| **Absoluto** | 2011 e maiores | 2011 e maiores |

**5.2.** Para efecto da clasificación **Másters AA**, os nadadores serán agrupados nas seguintes categorías, a partir do tramo Másters A feminino e masculino:

| GRUPOS | TRAMOS DE IDADES | ANOS DE NACEMENTO FEMININOS/MASCULINOS |
|---|---|---|
| **Máster A** | 25 – 29 | 1997 – 2001 |
| **Máster B** | 30 – 34 | 1992 – 1996 |
| **Máster C** | 35 – 39 | 1987 – 1991 |
| **Máster D** | 40 – 44 | 1982 – 1986 |
| **Máster E** | 45 – 49 | 1977 – 1981 |
| **Máster F** | 50 – 54 | 1972 – 1976 |
| **Máster G** | 55 – 59 | 1967 – 1971 |
| **Máster H** | 60 – 64 | 1962 – 1966 |
| **Máster I** | 65 – 69 | 1957 – 1961 |
| **Máster J** | 70 – 74 | 1952 – 1956 |
| **Máster K** | 75 – 79 | 1947 – 1951 |
| **Máster L** | 80 – 84 | 1942 – 1946 |
| **Máster M** | 85 – 89 | 1937 – 1941 |
| **Máster N** | 90 – 94 | 1932 – 1936 |
| **Máster O** | 95 – 99 | 1927 – 1931 |
| **Máster P** | 100 – 104 | 1922 – 1926 |

**5.3.** Cada nadador só se pode inscribir nunha das categorías/escalóns. Os nadadores con doble licenza (Inscritos en Augas Abertas e Másters de Augas Abertas) terán que definir no intre da inscrición na súa primeira proba do circuíto, a categoría coa que queren participar no "CLGAA".

## 6. CLASIFICACIÓNS E PUNTUACIÓN INDIVIDUAL

**6.1.** Os nadadores deberán nadar un mínimo de 3 probas para clasificárense no Circuíto. Para tal efecto contabilizarase a suma das puntuacións, ata un máximo das 4 mellores probas (etapas).

**6.2.** Das probas seleccionadas polos nadadores para puntuar para o Circuíto deberán constar probas en Portugal e España nunha combinación a escoller polos participantes.

**6.3.** En caso de cancelación de unha ou dúas etapas, as regras definidas no punto 6.1. serán proporcionalmente adecuadas. E na extraordinaria posibilidade da cancelación de 3 ou máis, a EO definirá as debidas modificacións do Regulamento.

**6.4.** Crearanse rankings absolutos **AA** e **Máster AA**, por xénero e tramos de idade.

**6.5.** Os nadadores puntuarán en cada etapa de acordo coa seguinte táboa:

| POSTO | CALQUERA DISTANCIA | POSTO | CALQUERA DISTANCIA |
|---|---|---|---|
| 1º | 30 | 9º | 12 |
| 2º | 26 | 10º | 11 |
| 3º | 23 | 11º | 10 |
| 4º | 20 | 12º | 9 |
| 5º | 18 | 13º | 8 |
| 6º | 16 | 14º | 7 |
| 7º | 14 | 15º | 6 |
| 8º | 13 | 16º | 5 |

**6.5.** Todos os nadadores que non se clasifiquen dentro dos 16 primeiros e teñan rematado a proba recibirán a seguinte puntuación:

| CALQUERA DISTÂNCIA |
|---|
| 3 |

**6.6.** Ao final do "CLGAA" serán proclamados vencedores os nadadores que, respectando o estipulado nos puntos 6.1. e 6.2., acaden a maior suma de puntos (de acordo coas táboas 6.4. e 6.5.).

**6.7.** En caso de empate a puntos entre os nadadores de cada categoría ou na clasificación Absoluta, usaranse os seguintes criterios de desempate:

- 1º Criterio – Maior número de 1ºs, 2ºs, 3ºs …. nas etapas realizadas.
- 2º Criterio – Maior número de etapas disputadas.
- 3º Criterio – Mellor clasificación na última etapa do "CLGAA".

## 7. PREMIOS DO CIRCUÍTO LUSO-GALAICO

**7.1.** Entregaranse premios en metálico aos 10 primeiros clasificados do ranking absoluto final de **AA** no final do "CLGAA", para os xéneros masculino e feminino, de acordo coas seguintes táboas:

| CLASIFICACIÓN | MASCULINOS | FEMININOS |
|---|---|---|
| 1º | 500€ | 500€ |
| 2º | 300€ | 300€ |
| 3º | 200€ | 200€ |
| 4º | 100€ | 100€ |
| 5º | 50€ | 50€ |
| 6º | 50€ | 50€ |
| 7º | 50€ | 50€ |
| 8º | 50€ | 50€ |
| 9º | 50€ | 50€ |
| 10º | 50€ | 50€ |

**7.2.** Entregaranse medallas aos 3 primeiros clasificados absolutos **AA** por xénero.

**7.3.** Entregaranse medallas aos 3 primeiros clasificados **Máster AA** de cada tramo de idade e xénero.

**7.4.** A entrega de premios realizarase na última etapa do "CLGAA".

## 8. EQUIPACIÓN

**8.1.** **Permitirase o uso de traxes isotérmicos**, dependendo das condicións de temperatura da auga no día da proba.

**8.2.** Nas probas con temperatura da auga **inferior a 18ºC**, non incluída, o **uso de traxe isotérmico é obrigatorio**.

**8.3.** Nas probas con temperatura da auga **igual ou superior a 18ºC, e inferior a 20ºC**, **o uso de traxe isotérmico é opcional**.

**8.4.** Nas probas con temperatura da auga **igual ou superior a 20ºC**, **o uso de traxe isotérmico non está permitido**.

**8.5.** Os **traxes en material téxtil** non poden cubrir máis alá dos ombros, pescozo e nocellos, respectando en todos os outros requisitos as especificacións dos traxes para piscina.

**8.6.** A propósito destas regras, **traxes isotérmicos** son traxes que producen illamento térmico. Os traxes isotérmicos, tanto para o xénero feminino como masculino, teñen que cubrir o tronco, costas, ombros e xoellos, pero non se poden estender máis alá do pescozo, dos nocellos e dos pulsos.

**8.7.** Non se permitirá o uso de ningún medio auxiliar de propulsión, flotación ou respiración.

**8.8.** Os atletas estarán obrigados a usar o gorro oficial da proba, proporcionado pola EO.

**8.9.** Todas estas regras tamén son de aplicación aos nadadores dos grupos **Másters AA**.

## 9. ARBITRAXE

A arbitraxe estará a cargo da EO (ANNP/FEGAN), no respecto integral dos Regulamentos da FPN e da RFEN.

## 10. POLÍTICA DE PRIVACIDADE E SEGURIDADE

**10.1.** Os datos recollidos para efectos de inscrición e control da proba son administrados pola EO e polas súas empresas prestadoras de servizos, no cumprimento e respecto da lexislación referente á **Protección de Datos**, en vigor en Portugal e España.

**10.2.** Ao inscribirse, o participante asume coñecer e aceptar a lexislación referente á **Protección de Datos**.

**10.3.** Garántese aos participantes, nos termos da lei, o acesso aos seus datos, podendo solicitar por escrito á EO a súa actualización, corrección ou eliminación.

## 11. OUTRAS INFORMACIÓNS

Ao inscribirse no "CLGAA", o participante, o clube, e/ou responsábel legal ou titor do participante menor de idade, asumen e aceptan que:

**11.1.** A EO non se responsabiliza por ningún dano sufrido ou causado, consecuencia de non observar os regulamentos nacionais e internacionais en vigor e/ou das indicacións dos membros da EO, dos árbitros e da seguridade (policía marítima, bombeiros, socorristas e outros);

**11.2.** A EO poderá cancelar o evento por motivos de seguridade, debido a condicións climáticas, e/ou do plano da auga, adversas, ou outras situacións que de xeito manifesto poidan poñer en perigo a integridade física dos participantes, non tendo lugar á devolución da taxa de inscrición;

**11.3.** Poderá ser fotografiado e filmado durante o evento, podendo esas imaxes seren divulgadas públicamente ou utilizadas pola Organización para fins promocionais.

**11.4.** Aclaracións complementarias a este Regulamento deben ser remitidos por e-mail a:

**info@annp.pt**

**secretaria@fegan.org**

**11.5.** Os casos omitidos no "Regulamento do 1º Circuíto Luso-Galaico Augas Abertas - 2026" resolveranse pola EO de acordo cos **Regulamentos da Federação Portuguesa de Natação** e da **Real Federación Española de Natación**, en vigor.